



## CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19  
15293 CARNOTA (A Coruña)  
C.I.F.: P-1502000-A  
Telf.: 981 857032  
Fax: 981 857251

### BASES DO CAMPAMENTO “ALDEA DE VERÁN 2018”

Aldea de Verán pretende ser unha oferta educativa que o Concello de Carnota, a través do Departamento de Igualdade e Diversidade, lles ofrece ás familias co fin de conciliar a vida persoal, laboral e familiar durante as vacacións de verán e, ao mesmo tempo, contribuír á formación socioeducativa das nenas e dos nenos que participen neste campamento estival.

Trátase dunha proposta enriquecedora e nova, que deixa atrás as formas ríxidas de “facer” dos campamentos tradicionais, con actividades atractivas dende o punto de vista educativo, cultural e convivencial.

**DESTINATARIOS/AS:** O programa está dirixido a nenas e nenos de 3 a 12 anos, que estarán divididos en grupos de traballo segundo a idade.

**NÚMERO DE PRAZAS:** Ofértanse 44 prazas.

**CRITERIOS DE SELECCIÓN:** Para outorgar as prazas teranse en conta os seguintes criterios na orde que segue a continuación:

- 1.º Familias empadroadas no concello de Carnota, ou nenos/as escolarizados neste concello.
- 2.º Que ambos os proxenitores traballen actualmente.
- 3.º Familias numerosas.
- 4.º Familias monoparentais.

No caso de que as solicitudes superen as prazas ofertadas a selección dos/das aspirantes realizarase en función do cumprimento dos anteriores requisitos. No caso de producirse un empate realizarase un sorteo entre as/os aspirantes que se atopen na mesma situación.

**HORARIOS:** Este campamento levarase a cabo de luns a venres, durante os meses de xullo e agosto, agás os festivos. O horario será de 10:00 a 14:30 horas, mais ofrecerase a posibilidade de incorporarse ás 08:00 h da mañá, naqueles casos en que sexa necesario, para favorecer a conciliación da vida persoal, laboral e familiar.

**PREZO:** Os prezos son os seguintes:

1 filla/o	90 €/mes
2 ou máis fillas/os	90(1º filla/o)+60 €/mes por cada filla/o a partir do segundo

As familias con 3 ou máis fillos beneficiaranse dun desconto do 25 %, sobre a cota que lle corresponda con independencia do número de fillos/as matriculados no campamento.

Cabe a posibilidade de quedar exento/a de pago, previo informe elaborado polo persoal técnico de Departamento de Servizos Sociais, sempre que a familia acredite unha situación económica precaria.

O pago efectuarase nos cinco primeiros días do mes correspondente.



## CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19  
15293 CARNOTA (A Coruña)  
C.I.F.: P-1502000-A  
Telf.: 981 857032  
Fax: 981 857251

**NORMAS DE FUNCIONAMENTO:** Deberán comunicar á persoa encargada da actividade os cambios que se produzan en relación cos datos que figuren na súa folla de inscrición.

Prégase puntualidade na entrega e recollida das nenas e nenos. Máis de catro faltas de asistencia sen xustificar ao campamento, poderá ocasionar a baixa na actividade, e entrará o/a neno/a que corresponda segundo a orde establecida na lista de espera.

### **OBSERVACIÓNS:**

1. Recoméndase vestimenta e calzado cómodo.
2. Cómpre que as/os participantes boten crema solar antes de saír da casa e que traian unha pequena merenda para a media mañá, unha gorra e unha botella de auga.
3. No caso de que se realice unha actividade acuática deberán traer unha bolsa con traxe de baño, toalla e chancletas.